




OS ESPECTÁCULOS NA ANTIGA ROMA

Os *Ludi* (“xogos” en latín, en sg.*ludus*) eran xogos públicos e gratuítos que se ofrecían ao pobo romano. A súa orixe é relixiosa, pois celebrábanse para honrar a un deus ou deusa.

Durante a República romana (s. VI-I a. C.) eran custeados polos maxistrados (cargos políticos e administrativos), para obter votos nas eleccións. Na época do Imperio, cando a elección de cargos non tiña a relevancia que tivera na República, os espectáculos eran custeados polas autoridades como parte da propaganda Imperial ou simplemente para gañarse o favor do pobo. Ao poeta Xuvenal, do s. I d. C., debemos a frase “panem et circenses”, nunha das súas sátiras, na que denuncia a manipulación do pobo por medio do reparto de trigo e os espectáculos de circo e gladiadores.

Había varios tipos de *Ludi*:

- Os que se celebraban nos teatros eran os *Ludi Scaenici*, solían ser teatro (sobre todo comedias), mimo ou danza.
- Os que se celebraban no anfiteatro: como loitas de gladiadores (*Ludi Gladiatorum*), cacerías con animais salvaxes (*venationes*), reconstrución de batallas e batallas navais (*naumaquias*), para as que se enchía a area de auga e se metían barcos de verdade. Os *ludi gladiatorum*, xogos de gladiadores, tamén se denomina *munera gladiatorum*. A palabra *munera* significa agasallo, pois era un espectáculo co que os maxistrados romanos agasallaban ao pobo. A orixe dos *munera* era funeraria, pois celebrábanse en honor de alguén falecido. A *damanatio ad bestas*, pena de morte na que os condenados eran mutilados e/ou botados as feras, acabou celebrándose tamén en anfiteatros.
- Os que se celebraban no circo eran os *Ludi circensis*, que podían ser *venationes* ou carreiras de carros de cabalos (cuadrigas, bigas...). Estas carreiras causaban tanta ou máis paixón no pobo romano como as loitas de gladiadores. Os diferentes competidores organizábanse en faccións ou equipos e tiñan como emblemas cores: os brancos, os vermellos, os azuis e os verdes. Sen do algo parecido aos equipos de fútbol da actualidade.



Ludi ou Munera Gladiatorum

A palabra gladiador provén de *gladius*, espada curta en latín, propia dos lexionarios.

Os gladiadores eran, na súa maioría, homes libres. Eran contratados por un *lanista*, que contrataba combates e os adestraba, e estaban obrigados a facer con el un determinado número de combates.

Os gladiadores eran considerados deportistas de alto nivel e eran as estrelas da súa época, como o son para nós agora os deportistas de elite. Ao contrario do que se pensa, os gladiadores non combatían a morte moitas veces, pois manter e adestrar a un gladiador era moi caro e un espectáculo a morte era algo que poucos se podían permitir.

Hai testemuñas de que tamén houbo mulleres gladiadoras.

Había moitos tipos de gladiadores segundo as armas que levasen. Algúns deles eran:

- *Provocator*: tiña unha espada, casco con viseira, escudo de lexionario e *cardiophylax*, unha coiraza, que como o seu nome grego indica, protexía o corazón.


- *Thraex* ou tracio: levaban unha espada curva tracia, un pequeno escudo, un casco de bordo ancho e *ocrea* (grebas ou caneleiras) que lle protexían toda a perna dende a coxa.

- *Hoplomachus*: levaba as armas típicas dos hoplitas gregos, unha lanza, un *gladius*, un pequeno escudo redondo e *ocrea*.

- *Murmilllo* ou *Myrmillo*: levaba un casco decorado cun peixe (*mormylos* ou murena) estilizado na crista, *gladius* e un escudo alto, en forma de tella.

- *Retiarius*: usaba tridente e unha rede con pesas nos extremos para poder ondeala e atada cun cordel ao pulso para poder recuperala. Levaba proteccións en todo o brazo ata o pescozo.

- *Secutor*, ou perseguidor, soía ser o contrincante do *retiarius*. Levaba *gladius* e escudo alto e un casco coa cara tapada, con so dous buratos para os ollos.





- *Scissor* ou cortador, introducía o seu brazo nunha especie de cono metálico que remataba nunha media lúa cortante. Levaba armadura de escamas e non levaba escudo. Tamén levaba un helmo.

Os espectáculo de gladiadores formaba parte dunha xornada festiva, celebrada no anfiteatro, que podería ser do seguinte xeito:

- Pola mañá *venationes* ou cacerías con animais salvaxes. Dependendo do lugar e o presuposto, podíanse facer con animais salvaxes e exóticos, como leóns, tigres, rinocerontes... Pero na maioría dos anfiteatros, por exemplo de Hispania ou a Galia, as *venationes* facíanse con animais da rexión como touros, cabalos salvaxes e xabarís.
- A medio día tiñan lugar as execucións dos condenados. Este era o espectáculo que menos gustaba e moitos aproveitaban para ir comer ou descansar.
- Pola tarde a xornada chegaba ao seu apoxeo cos combates de gladiadores. O espectáculo comezaba cunha pompa ou procesión. O *praeco* ou pregoneiro berraba ao público os combates que ían ver e comentaba e animaba o espectáculo.

